

Fusión de subxéneros

Atractiva e diferente


MONTSE PENA PRESAS

Xa noutras ocasións, nestas mesmas páxinas, falei de novela negra, partindo de obras asinadas polo pioneiro Carlos Reigosa, o exitoso Domingo Villar, o retranqueiro Bieito Iglesias ou o renovador Diego Ameixeiras. Semella que entre nós este subxénero (igual que ocorre noutras literaturas), non deixa de incorporar novas propostas e mesmo novas voces (se se manexan minimamente as súas claves, adoita seducir aos creadores, quizais pola boa acollida que ten por parte do lectorado). Estas novas voces, no caso do sistema literario galego, son case que todas masculinas. Agar damos que, proximamente, poidamos tamén celebrar achegas pola banda das autoras nun subxénero en que contar con mulleres protagonistas resulta aínda unha novidade –neste sentido, a inspectora Amaia Salazar, personaxe principal da triloxía do Batzán de Dolores Redondo, é un refacho de aire fresco que ben se agradece. No entanto, imos recibindo textos como *A antesala luminosa* do xornalista Antonio Tizón, autor ata o momento inédito en lingua galega, que se estrea neste roncel cunha obra pretendidamente anovadora na súa concepción.

Coidamos, con todo, que hai aspectos mellorables nesta proposta

nero ao uso. Aínda que comeza como moitas das grandes, cun asasinato –neste caso duplo–, inda que conta cun inspector ao uso –prototipo desta clase de sabuxos: coñecedor de todos os recunchos da cidade, con contactos nos lugares máis sorprendentes, cunha marcada tendencia á soidade, con intuición de seu para cinguir fíos soltos do caso...–, inda que existen varios desparecidos que se poden vencellar doada e rapidamente, o texto ten un marcado contrapunto. Naméntres coñecemos o desenvolvemento da investigación e seguimos ao inspector Sánchez tras as

pegadas de Gustavo Gallego e Fontana (os dous amigos supostamente asasinados), le-



mos tamén a novela que acompaña ao policía e que precisamente foi escrita por Gustavo Gallego. Este segundo texto intercálase co primeiro creando un contraste sorprendente, que se por unha banda pode semellar atractivo (xustamente para fuxir do corsé xenérico do negro), pola outra rompe, nalgunhas ocasións, o ritmo do primeiro relato ao trasladarnos a unha tematoloxía ben

diferente. De feito, esoutra obra –de alento autobiográfico– comeza por levarnos ao intransixente Madrid de finais dos anos 70 (caracterizado dun xeito un tanto prototípico), canda un Gustavo Gallego novísimo comezaba a carreira de xornalismo e se principiaba na vida. Zarrapicado este texto con algúns tópicos da novela de iniciación (o contacto con xentes doutros lugares, as primeiras experiencias amorosas e sexuais e tamén as primeiras decepcións), a cuestión da loucura agroma nel como temática menos esperable e interesante. Ademais, esta serve de bisagra para remitir de novo á historia principal.

Aínda valorando globalmente a proposta de Tizón en positivo, pola súa ousadía á hora de ir alén nun texto negro fusionando motivos e temáticas, coidamos que nela hai aspectos mellorables. Nomeadamente unha lingua demasiado usual e práctica, que fai que o pracer de ler, en ocasións, fiquen limitado porque non deixan de pasar cousas e, en consecuencia, o espazo para a literatura queda un tanto encollido. Quizais fosen algúns feitos miúdos prescindibles e se precisase de algo máis de pouso para asimilar. Pese a isto, *A antesala luminosa* é unha proposta atractiva e diferente que nos di que o negro, ao final, reivéntase sempre.

TIZÓN, Antonio, *A antesala luminosa*, Ed. Xerais, Vigo, 2015, PVP 16,65 €